

Artigo para o monográfico

//BANDA DESEÑADA/// ///UNHA RADIOGRAFÍA/ de Culturagalega.org

## **AMEIXA.COM**

### **Alberto Varela Ferreiro**

Alberto Varela Ferreiro naceu en 1963, e desde 1979 veu recibindo numerosos premios en certames de ilustración, banda deseñada e deseño de todo o estado. Ten participado en exposicións colectivas internacionais e ten colaborado con publicacións como A Nosa Terra, A Ameixa Cacofónica, Can Sen Dono, Taka de Tinta, TBO, e acualmente publica unha serie do seu personaxe Xeixas Johnson na Revista Golfiño. É autor da primeira páxina web dedicada á banda deseñada en Galicia, Ameixa Cómics, ([www.ameixa.com](http://www.ameixa.com)), onde se pode ver unha ampla mostra da súa obra.

Lémbrome perfectamente a sensación que tiña cando eu me conectei a Internet por primeira vez aló polo ano 1996...saltando por riba de Infovia, chegaba ata un mundo abraiante e de posibilidades ilimitadas... ehem, ben, limitadas pola liña telefónica, que non é pouca limitación...

Eu contaba que co paso dos anos desaparecerían aquelas pequenas pegas técnicas que facían que circularamos en carro por aquelas "autopistas da información"...que inxénuos eramos daquela.

Tan inxénuos que pensabamos que aquel novo mundo de comunicación suporía un paso cultural tan grande para a humanidade, que nos faría a todos máis informados, máis felices, máis fraternais, máis solidarios, máis libres etc. etc. En España daquela non se falaba aínda de que aquilo de Internet tivera posibilidades económicas serias, todo o contrario. Aínda lembro unha entrevista cun alto directivo de telefónica ao que se lle preguntaba sobre o futuro da rede, e aquel bo home (un visionario sen

dúbida) decía que no futuro o que primarían serían as redes locais.

A confusión era grande. Según os telediarios, un día si e outro tamén, Internet estaba poblada por estafadores, enfermos mentais, pervertidos sexuais, maniáticos da tecnoloxía, delincuentes informáticos,

e todo tipo de seres escuros, neste contexto cando decías que usabas Internet, todo o mundo miraba estranado. É curioso ver como cambian as tornas, agora as noticias sobre Internet son todo o contrario: é unha ferramenta imprescindible para a "globalización" e a nova economía, tódalas empresas queren estar ahí, os "portais" e outros negocios na rede saen á Bolsa todo-los días, e os gobernos occidentais queren que todo o mundo teña acceso á rede. Non cabe dúbida que as ferramentas e a información de todo tipo que nos ofrece estar conectados son moi numerosas pero para mín un dos factores máis revolucionarios desta novidade e que é un medio auténticamente interactivo (xa o dixen). Podemos acceder a múltiples fontes de información sen nengún filtro, comparalas e ademais podemos deixar de ser exclusivamente receptores e convertirmos en emisores, cun coste mínimo e cunha potencial audiencia mundial.

Facía xa algún tempo que intentaba reeditar o fanzine "A Ameixa Cacofónica" que nacera en Carballo no 1983 de maneira espontánea da man duns cantos

amigos con ganas de publicar unha revistiña de cómic e música. Era unha mágoa que se perderan os catro números que sacáramos con tanta ilusión no seu momento e que fóramos millorando pasando da fotocopia pura e dura, á imprenta a color, con colaboracións tan destacadas como as de Bryce Echenyque, Xaquín Marín, Manoel Facal, Padu ou Lois Pereiro.

Dalgunha maneira fixeramos a nosa pequena aportación ao cómic galego, e a rede ofrecía a posibilidade de que aqueles catro números estiveran permanentemente publicados para que calqueira desde o seu ordenador poidera coñecer o noso traballo. A tecnoloxía para facer isto posible está ao alcance de todo o mundo, ademáis do ordenador, o modem, o navegador, e a conexión á liña tel

efónica, somentes se precisa un escáner para captar imaxes, un programa para editalas, algúns coñecementos básicos de html para construír as páxinas "Web" (a pouco que busquemos hai moitos manuais na propia rede) e un "sitio" para aloxar esas páxinas de maneira gratuita (tamén hai moitos na rede).

Así naceu Ameixa.com, o primeiro sitio galego e en galego adicado ao cómic en Internet, e un espacio para dar a coñecer o noso traballo. Foi un primeiro paso no que únicamente se aproveitan un chisco das moitas posibilidades que nos ofrece o medio. A diferenza das publicacións tradicionais en papel podemos introducir elementos novos, como o son, ou a animación, ou complementar a nosa narración con outra información tamén "on-line". Por exemplo se contamos unha historieta sobre

os celtas podemos enlazar certos textos clave con outras páxinas que nos amosen unha exposición sobre esta cultura en algún museo do mundo, etc.

Desta maneira os debuxantes podémonos converter en editores, para "publicar" xa non se precisa dunha editorial (para cobrar si), e podemos dar a coñecer o noso traballo por medio da rede, contando con que as nosas posibilidades de promoción vóltanse universais...eso sempre que as liñas telefónicas, servidores e nodos de conexión non estén tan atascados como para impedilo, pero eso é outra historia...